



Sem	L	M	Me	X	V	S	D	
-			1	2	3	4	5	Set.
00	6	7	8	9	10	11	12	EXAMES , AVALIACIÓNS , REVISIÓNS e RECLAMACIÓNS
01	13	14	15	16	17	18	19	SETEMBRO
02	20	21	22	23	24	25	26	Presentación do curso 23
								Inicio curso Bacharelato 27
03	27	28	29	30	1	2	3	Out.
04	4	5	6	7	8	9	10	OUTUBRO
05	11	12	13	14	15	16	17	Día do ensino 11 de Outubro
06	18	19	20	21	22	23	24	
07	25	26	27	28	29	30	31	
08	1	2	3	4	5	6	7	Nov.
09	8	9	10	11	12	13	14	NOVEMBRO
10	15	16	17	18	19	20	21	
11	22	23	24	25	26	27	28	
12	29	30	1	2	3	4	5	Dec.
13	6	7	8	9	10	11	12	DECEMBRO
14	13	14	15	16	17	18	19	Exames 1ª aval. 1º Bach. 29 e 1 Notas 10 dec Revisión 13 dec
15	20	21	22	23	24	25	26	
16	27	28	29	30	31	1	2	Xan.
17	3	4	5	6	7	8	9	XANEIRO
18	10	11	12	13	14	15	16	
19	17	18	19	20	21	22	23	
20	24	25	26	27	28	29	30	
21	31	1	2	3	4	5	6	Feb.
22	7	8	9	10	11	12	13	FEBREIRO
23	14	15	16	17	18	19	20	
24	21	22	23	24	25	26	27	Exames 2ª aval. 1º Bach. 21 e 23 Notas 3 mar Revisión 4
25	28	1	2	3	4	5	6	Mar.
26	7	8	9	10	11	12	13	MARZO
27	14	15	16	17	18	19	20	
28	21	22	23	24	25	26	27	
29	28	29	30	31	1	2	3	Abr.
30	4	5	6	7	8	9	10	ABRIL
31	11	12	13	14	15	16	17	
32	18	19	20	21	22	23	24	
33	25	26	27	28	29	30	1	
34	2	3	4	5	6	7	8	Maio
35	9	10	11	12	13	14	15	MAIO
	16	17	18	19	20	21	22	Exames 3ª aval. 1º Bach. 9 e 11 Notas 19 Revisión 20
37	23	24	25	26	27	28	29	Exames Pendentes Ord. 1º Bach. 9 e 11 Notas 18 Reclamacións 18/19
38	30	31	1	2	3	4	5	Xuño
39	6	7	8	9	10	11	12	XUÑO
40	13	14	15	16	17	18	19	Exames Finais Ord. 1º Bach. 30 e 1 Notas 6 Reclamacións 6/7
41	20	21	22	23	24	25	26	Exames Pendentes Extra. 1º Bach. 13 e 15 Notas 21 Reclamacións 21/22
42	27	28	29	30				Exames Finais Extra. 1º Bach. 20 e 22 Notas 27 Reclamacións 27/28

AULA VIRTUAL (aulavirtual.iessanclemente.net)

Na AULA VIRTUAL podedes encontrar: materiais, vídeos didácticos, contidos mínimos, criterios de avaliación, resumos da materia e esquemas, propostas de exames e exames resoltos, etc. **TODOS OS MATERIAIS** necesarios para a aprendizaxe das materias estarán dispostos na AULA VIRTUAL. As datas de exames ou calquera información de interese está tamén na páxina web. É moi importante entra nela (POLO MENOS 3 VECES Á SEMANA), coñecela ben, e aproveitala.


TITORÍAS

Cada materia está a cargo dun DOCENTE, que atende CATRO TIPOS DE TITORÍAS: TITORÍAS TELEMÁTICAS, TELEFÓNICAS, por CORREO ELECTRÓNICO e PRESENCIAIS.

Todo o PROFESORADO TITOR dedica unha ou máis horas diarias de atención ao alumnado. Na AULA VIRTUAL, en cada materia, figura un reloxo pequeno co que se accede ao horario semanal da súa titoría.


TITORÍAS TELEMÁTICAS (por videochamada)

O xeito mais RÁPIDO e EFECTIVO e solicitar unha TITORÍA mediante o botón presente na aula virtual, e seleccionando a data e a hora na que contactar co profesor ou profesora. É preciso dispoñer de un portátil ou ordenador con cámara web.



Por cada titoría solicitada teremos unha entrada nova con información sobre a mesma. Na data e hora acordada soamente será necesario pulsar na ligazón “Titoría web” para acceder á videochamada co profesor ou profesora da materia.

Xestor de titorías web



Relación de titorías web rexistradas no sistema.

Asignatura	Profesor/a	Alumno/a	Data / hora	
(1BAC) - Biología e Xeoloxía	Rodríguez Ruibal, Mercedes (Xefa Dpto. Biología e Xeoloxía)	Alumno de pruebas	30/09/2020 18:00 (Mércores)	x Anular Titoría web
(2BAC) - TIC II	Lozano Barreiro, José	Alumno de pruebas	01/10/2020 10:25 (Xoves)	x Anular Titoría web

TITORÍAS por CORREO ELECTRÓNICO e TELEFÓNICAS

Nas horas de TITORÍA TELEMÁTICA (nas de TITORÍA WEB **non**) é posible chamar aos números de teléfono directos de cada materia que están recollidos na táboa de titorías presenciais, ou ao número xeral do Instituto, o 881867501. Advírtese que cando entra unha chamada e está a ser atendida pola conserxería, non se pode atender outra simultánea xa que o terminal está ocupado. A persoa que chama non escoita sinal de comunicando, polo que debe agardar e repetir a chamada.

Todo o alumnado matriculado ten tamén unha conta de correo electrónico propia dentro da plataforma, onde recibirán informacións, noticias ou avisos. Desde este correo, poden enviarlle mensaxes ao profesorado de Santiago (e tamén ao resto do alumnado) e terán a oportuna resposta por este mesmo medio. O PROFESORADO TITOR do IES “San Clemente” ocuparase de atender os correos que remitades e contestalos en menos de 24 horas (en moitos casos incluso sábados e domingos).

TUTORÍAS PRESENCIAIS

As TUTORÍAS PRESENCIAIS teñen como obxectivo consultarlle ao profesorado as dúbidas que non poden ser resoltas por outro medio. Dada a situación sanitaria actual, **durante o presente curso terán carácter EXCEPCIONAL e deberan ser ACORDADAS PREVIAMENTE co profesorado.**

PROFESORADO TITOR DE CADA MATERIA

MATERIA	PROFESORADO TITOR	TELÉFONO
Lingua castelá	Carlota Mascareñas García	881867521
Lingua galega / Lingua estr. Portugués	M ^a do Carme González Bueno	881867521
Filosofía / Educación Física	Manuel Mira Martínez	881867524
Bioloxía e xeoloxía	M ^a Mercedes Rodríguez Ruibal	881867522
Cultura científica	Carlos Doval Davite	881867522
Economía	Manuel Gómez Rey	881867524
Relixión	M ^a Teresa Abalde González	881867523
Literatura universal	José Manuel Piñeiro Mourín	881867521
Lingua estranxeira Inglés	Guillermo Reiriz Varela	881867523
Lingua estranxeira Francés	M ^a Soledad Castellanos Merayo	881867523
Matemáticas / Matemáticas aplicadas	Laura Casas Gorrita	881867522
Hist. do Mundo C. / Fundament. da arte	Fernando Lojo Piñeiro	881867520
Latín / Grego	Amalia Seoane Labandeira	881867524
Física e química	Juan Carlos Fandiño da Torre	881867522
Debuxo técnico	Ángeles Rivera Muñoz	881867524
Cultura audiovisual	Stela Iglesias García	881867524
T.I.C.	Inés Valiño Rielo	881867501

EXAMES

Durante o curso haberá tres avaliacións parciais e unha avaliación final de xuño, na que se manterán as cualificacións daquelas avaliacións superadas, debendo examinarse só das avaliacións non superadas ou non presentadas (seguindo os criterios de cualificación de cada departamento sinalados no exame). **A avaliación extraordinaria terá lugar en xuño**, os días 20 e 22, na que o alumnado que non teña superada a materia na convocatoria ordinaria de finais de maio e principios de xuño terá a oportunidade de presentarse a un exame xeral de toda a materia.

Os exames celébranse nas mesmas datas e horas no IES San Clemente de Santiago, nos centros EPA de A Coruña, Lugo, Ourense (**IES O Couto**), Pontevedra, Ferrol e Vigo, e no IES Monte Castelo de Burela. Estes serán controlados polo profesorado do IES San Clemente. Os estudos a distancia do IES San Clemente tamén son cursados polos internos de tres centros penais da nosa Comunidade Autónoma, nos que as titorías e as correspondentes probas son tuteladas polo seu propio persoal.

Os exames levaranse a cabo nas datas que figuran no calendario. O horario das distintas materias será sempre o mesmo, un luns e un mércores.

En caso de que nas datas dos exames estea restrinxida a mobilidade nalgunha zona de Galicia, publicaranse novas instrucións dirixidas as persoas que residan na mesma con información para a realización dos seus exames.

PROTOCOLO NA REALIZACIÓN DE EXAMES PRESENCIAIS

Como consecuencia da situación sanitaria derivada do COVID-19, o alumnado deberá realizar a seguinte **enquisa de autoavaliación clínica** antes do acceso ao centro, e non poderá entrar se presenta algún síntoma ou se lle foi prescrito illamento por parte das autoridades sanitarias.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

No o acceso aos lugares nos que se levan a cabo os exames, seguirase o seguinte **protocolo**:

O alumnado **soamente poderá estar no interior do centro educativo para a realización dos seus exames**. Non poderá chegar con máis de 10 minutos de marxe, e deberá saír do mesmo e entrar de novo cando o tempo de espera entre exames sexa maior de 10 minutos.

O alumnado entrará na aula **5 minutos antes** do seu exame e dedicará uns minutos á **desinfección da mesa e da cadeira** coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante). Desinfectarase tamén antes do exame calquera **outro material** que se vaia a empregar no mesmo.

Entrarase deixando a **distancia de seguridade** de 1,5 metros e evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera.

O alumnado e o profesorado teñen a obriga de **usar máscaras** durante a realización dos exames e na entrada e saída do centro.

En todas as aulas, na zona máis próxima a porta da mesma, colocarase un **dispensador de xel hidroalcolico**.

Durante a realización dos exames e no tempo entre eles, deberá manterse unha **ventilación frecuente** do espazo. **Non se poderá compartir material** cos compañeiros. Cada alumno realizará os exames e asinará na lista co seu propio material.

As ventás, portas, persianas, contras e dispositivos de funcionamento da iluminación serán **unicamente usadas polo profesorado**, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

A entrega do exame e a saída da aula será ordenada, de 1 en 1, gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros e evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

HORARIOS DOS EXAMES

	LUNS	MÉRCORES
9,30 a 10,45	Lingua castelá e literatura I	Lingua estranxeira – Inglés / Francés
11,00 a 12,15	Lingua galega e literatura I	Matemáticas I Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I Latín I Fundamentos da Arte I
12,30 a 13,45	Bioloxía e xeoloxía Literatura universal Cultura científica	Física e química Historia do mundo contemporáneo
16,00 a 17,15	Filosofía	2ª Lingua estranxeira – Francés / Portugués Debuxo técnico I Grego I
17,30 a 18,45	Economía Relixión	Educación Física T.I.C. Cultura audiovisual I

CUALIFICACIÓNS

Normalmente aos comezos da semana seguinte aos exames celébrase a reunión de avaliación (nos días sinalados no calendario). As cualificacións colocaranse na aula virtual (en NOTAS) ese mesmo día antes das 19,00 horas, de xeito que calquera alumno poida coñecer e imprimir as súas notas.

De seguido á publicación das cualificacións, o profesorado titor terá (previo aviso, cando o alumno ou a alumna non estea de acordo coa cualificación) unha data dedicada á REVISIÓN DOS EXAMES nas avaliacións parciais e dúas datas na avaliación final para as RECLAMACIÓNS.

Cando un alumno ou alumna desexe obter un boletín de notas oficial, pode pasar a solicitalo e recollelo no IES San Clemente ou ben deixar un sobre co enderezo xa escrito e seralle remitido por correo.

DÚBIDAS E INFORMACIÓN

Calquera información relevante correspondente á ensinanza de bacharelato publicarase na páxina web do centro e no noso canal de Telegram ([telegram.me/bachsanclemente](https://t.me/bachsanclemente)).

Ante calquera dúbida XERAL (matrícula, queixa, suxestión, etc.) debes contactar coa **COORDINADORA DO BACHARELATO, M^a Mercedes Rodríguez Ruibal**, ou coa **XEFA de ESTUDOS, Raquel Rodríguez Blanco**. Cando o problema estea relacionado de forma directa cunha materia, debes dirixirvos ao **PROFESORADO TITOR** responsable da mesma.